



# REGULACIÓN DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS ANTE A FESTIVIDADE DE TODOS OS SANTOS E DE DEFUNTOS



O **Concello de Moaña** vén de adoptar unha serie de medidas en consonancia coas recomendacións aprobadas pola Dirección Xeral de Saúde Pública da Consellería de Sanidade da **Xunta de Galicia**, para garantir a apertura segura dos cemiterios municipais de **Trigás e Domaio**.


 Os cemiterios municipais permanecerán abertos dende as 10 h. ás 20 h., ao obxecto de que as visitas se realicen de xeito escalonado.


O tempo máximo de permanencia no camposanto será de 30 minutos.

 Os grupos de visita serán dun máximo de 4 persoas, sexan da mesma familia ou convivintes.


 As persoas voluntarias de Protección Civil controlarán o acceso aos cemiterios municipais de Trigás e Domaio.

 Deben respectarse os carteis indicativos instalados, así como os circuítos de entrada e saída aos camposantos.

 Obrígase á desinfección das mans no acceso, para iso instalaremos dispensadores de xel hidroalcohólico nas entradas aos cemiterios, así como en espazos habilitados no interior dos mesmos.

 Lémbrese o uso obrigatorio de máscara en todo momento e a necesidade de manter a distancia mínima interpersoal de 1,5m.

 Non se realizarán celebracións litúrxicas nos Cemiterios Municipais.

 Recoméndase á veciñanza que adianten as visitas ao Cemiterios aos días previos á celebración da festividade de Todos os Santos e Día dos Defuntos, para evitar aglomeracións.

